

Título:

Van Gogh: A troubled and brilliant painter

Autor:

María Isabel Blanco Pumar

Correo electrónico:

isabelbp@edu.xunta.es

Xustificación:

A área de educación artística ten como obxectivo coñecer, comprender, apreciar e valorar distintas manifestacións artísticas; o estudo da pintura xoga un papel importante no cumprimento deste obxectivo. É por iso que, Van Gogh como recoñecido artista dentro do movemento Post-impresionista, vai ser o centro da programación desta unidade didáctica.

Nível e área:

6º curso de Educación Primaria. Educación Plástica.

Número de sesións:

Entre 8 e 10 sesións de 45 minutos.

Recursos TIC utilizados:

Hardware: netbook Abalar (ou no seu caso aula dixital ou ordenadores persoais con altofalantes), tablet ou dispositivo móbil similar, conexión á rede.

Software: navegador, aplicación Goggles (aplicación Android gratuíta do Play Store), ferramenta Glogster.

Competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística. - Presente en tódalas sesións. O alumnado deberá comprender textos e mensaxes e expresarse na lingua estranxeira utilizando os coñecementos previos e axudándose daqueles medios dos que dispón.
- Tratamento da información e competencia dixital. - Os recursos cos que contará o alumnado para achegarse a obra artística de Van Gogh serán principalmente dixitais, o alumnado deberá utilizar o ordenador para poder realizar as actividades previas as tarefas finais, terá que buscar información na rede de maneira autónoma e utilizar ferramentas e aplicacións móbiles para poder resolver as situacións presentadas.
- Competencia social e cidadá. – Xoga un papel importante na área de Educación Plástica e, por tanto, tamén nesta materia, o alumnado debe comportarse respectuosamente cos seus compañeiros, axudarlles e compartir material artístico de maneira solidaria, tamén debe aprender a apreciar o traballo e os resultados dos seus compañeiros.
- Competencia cultural e artística. – É a que ten máis forte presenza nesta unidade, posto que é o fin mesmo da área e o que se pretende, neste caso é que o alumnado coñeza a obra dun pintor de gran prestixio e que aprenda a apreciar as creacións artísticas.
- Autonomía e iniciativa persoal. - Esta unidade está pensada primordialmente para que o alumnado sexa responsable do seu propio coñecemento, o profesorado será o facilitador das ferramentas e o mediador no proceso de aprendizaxe. O alumnado deberá ser completamente autónomo na resolución das tarefas presentadas e necesitará poñer en

práctica habilidades sobre cómo aprender a aprender.

Obxectivos:

- **Lingüísticos:**
 - Coñecer vocabulario e estruturas lingüísticas que lle permitan facer descrições dunha pintura.
 - escoitar e comprender unha canción na lingua estranxeira.
 - Ler un texto con tinxes biográficos na lingua estranxeira.
 - Comprender información subministrada de forma escrita e responder a preguntas de estilo directo utilizando os coñecementos previos.
 - Utilizar a lingua estranxeira como vehículo de comunicación.
 - Valorar a lingua estranxeira como fonte de información e comunicación.
- **Non lingüísticos:**
 - Analizar a obra artística de Van Gogh.
 - Recoñecer as principais obras do artista.
 - Identificar os trazos que caracterizan o movemento Post-impresionista.
 - Representar momentos ou lugares utilizando a técnica Post-impresionista.
 - Utilizar diferentes técnicas artísticas para emular pinturas de Van Gogh.
 - Ler códigos QR e comprender o seu funcionamento e utilidade.
 - Elaborar un mural dixital que recolla a modo de portafolio os traballos realizados durante a unidade.
 - Manter unha actitude positiva cara o coñecemento das distintas formas artísticas, neste caso, a pintura.

Contidos:

- **Lingüísticos:**
 - Vocabulario sobre mobiliario dun cuarto: cama, mesa auxiliar, cadeira...
 - Léxico sobre as partes da cara. Revisión e aprendizaxe de palabras novas.
 - A estrutura there is/are para realizar descrições dun lugar.
 - Vocabulario para describir unha imaxe: on the left, on the right, at the top, at the bottom...
 - Describir una imaxe.
 - Pedir favores e pedir permiso.
- **Non lingüísticos:**
 - O movemento Post-Impresionista.
 - Utilización da aplicación Goggles para buscar información dunha pintura que non coñecen.
 - Lectura de códigos QR.
 - A produción artística de Van Gogh.
 - Análise de diferentes obras deste pintor.
 - Distinción entre bodegón, paisaxe, retrato ...
 - Emulación de varias pinturas de Van Gogh.
 - Utilización da cámara nunha tablet.

- Apreciación e valoración da pintura como manifestación artística.

Educación en valores:

Educación moral e cívica. A unidade fomenta a colaboración e a cooperación entre o alumnado, así como a comunicación e o respecto polo traballo dos demais.

Educación para o lecer. É necesario que o alumnado mostre un aprecio cara as obras artísticas e os seus autores, valorando o coñecemento e o acceso a elas (museos, visitas) nos momentos de lecer.

Educación para paz. Nesta unidade hai un compoñente intercultural marcado pola nacionalidade do pintor que estudamos, que ten unhas raíces e costumes distintas ás do alumnado e que é preciso que comprende e respecte dentro da sociedade global e plurilingüe da que forma parte.

Áreas/materias relacionadas:

Lingua estranxeira (inglés), Educación Plástica.

Temporalización e secuenciación:

A unidade está dividida en catro apartados segundo o tipo de cadro que se estea traballando:

- Coñecendo o pintor: retratos.
- Bodegón.
- Vida real.
- Paisaxe

A cada un destes apartados dedicaráselle unha ou dúas sesións dependendo do tempo que precise o alumnado para poder rematar cada tarefa.

Na primeira e segunda sesión faranse aquelas actividades no LIM que teñen por obxecto traballar a biografía deste pintor, ao mesmo tempo que se traballa un autorretrato.

O alumnado terá que utilizar a aplicación móbil Goggles para poder ler o autorretrato e saber a quen pertence. Unha vez recoñecido o pintor, terá que contestar a varias preguntas sobre a súa vida buscando información a través dun código QR habilitado para iso.

Para este apartado o alumnado terá que realizar dúas tarefas, na primeira e, a partires, dunha ficha coa cara de Van Gogh, deberá con rotuladores debuxar un fondo utilizando a técnica en forma de ondas que lle aporta movemento e dinamismo á imaxe. A segunda tarefa consiste en realizar o seu propio autorretrato co estilo de Van Gogh a partires dunha foto.

As seguintes sesións estarán dedicadas ao traballo co bodegón dos xirasoles, o alumnado fará as actividades correspondente no libro interactivo e unha vez rematadas procederá a realizar a tarefa que consiste en ver un vídeo e pintar coa técnica Post-impresionista unha plantilla xa dada do cadro dos xirasoles.

O terceiro apartado versa sobre a obra “Habitación en Arles” que representa a propia vida

real do pintor. O alumnado deberá recoñecer os diferentes elementos do cadro e nomealos para poder facer unha descrición, tamén realizará unha actividade de memoria fotográfica e finalmente como tarefa produtiva deberá elaborar e deseñar co xogo en liña Room Maker unha habitación que, posteriormente terá que representar en papel.

Nas seguintes sesións estudárase o cadro “Noche estrellada” onde se representa unha paisaxe. O alumnado terá que aprender a describilo e analizar o estilo do pintor. Finalmente elaborará unha copia do cadro utilizando unha técnica distinta con ceras brandas e cola.

Para rematar cada alumno tomará fotos das súas tarefas utilizando as tablets ou outros dispositivos do centro e realizará un mural dixital en Glogster que servirá a modo de portafolio e onde poderán incluír aquela información que aprenderon sobre Van Gogh.

Medidas de atención á diversidade:

- Apoio da persoa auxiliar.
- Utilización de dicionarios bilingües e material auxiliar de apoio que facilite a comprensión e realización das tarefas.
- Tradución á lingua materna das instrucións se fose preciso.
- Adaptación das tarefas ao alumnado con problemas, diminuindo o grao de dificultade.
- Actividades de follow-up para o alumnado con menos problemas.

Criterios e instrumentos de avaliación:

Os criterios de avaliación que se utilizarán para avaliar ao alumnado nesta unidade son os seguintes:

- Lingüísticos:
 - Utiliza na medida do posible a lingua estranxeira na interacción cos seus iguais e o mestre.
 - Describe distintas pinturas de Van Gogh.
 - Comprende unha canción.
- Non lingüísticos:
 - Identifica o pintor Van Gogh e algunhas das súas obras.
 - Representa artisticamente distintas escenas ou imaxes que impliquen organización espacial, uso de materiais diversos e aplicación de diferentes técnicas e instrumentos.
 - Recoñece a técnica post-impresionista.
 - Usa adecuadamente as tecnoloxías da información e da comunicación para a busca de información de interese para a unidade.

A observación será o elemento clave para poder avaliar o traballo do alumnado durante todo o proceso, avaliarase a súa participación e o seu esforzo así como tamén a súa capacidade creativa no proxecto final.

A autoavaliación xogará tamén un papel importante, xa que o alumno debe considerar o seu

progreso durante as diferentes sesións e avaliar a súa melloría.